

¿COMO PODO COMPROBAR SE SON PERSONA BENEFICIARIA DUNHA ESTADÍA NAS RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE?

A persoa beneficiaria aparecerá identificada no listado de persoas adxudicatarias, ou na lista de agarda, **co número de expediente que a sede electrónica da Xunta de Galicia** lle adxudicou no momento de formalizar a solicitude. Para coñecer cal é o numero, debe acceder ao seguinte enlace:

<https://sede.xunta.gal/identificate/login?service=https%3A%2F%2Fsede.xunta.gal%2Fa-mina-sede%2Flogin%2Fcas>

Unha vez que acceda, debe identificarse coas súas credenciais (chave365, DNI electrónico, certificado dixital FNMT ou [cl@ve](#)). Abrirase a súa sede electrónica e alí poderá visualizar as últimas solicitudes presentadas, entre as que figurará a correspondente á convocatoria de estadías nas residencias de tempo libre.

Últimos expedientes e presentacións							Ver todos / Buscar >
Nº Expediente / Nº Registro	Código do procedemento	Procedemento	Data alta	Data actualización	Situación	Actúo coma	Que podo facer?
BS419A-2023-00003-03	BS419A	Prazas en residencias de tempo libre	13/03/2023 11:42	04/04/2024 15:05	Resolto		Acción ▾
BS419A-2024-00028-03	BS419A	Prazas en residencias de tempo libre	11/03/2024 11:08	19/03/2024 17:38	Resolto		Acción ▾

O número de expediente que figure na súa sede, tal e como se indica no exemplo, **é o número que aparece no listado de admitidos** e nas listas de agarda, e permitíralle coñecer se é beneficiario/a dunha estadía na/s residencia/s ou, no seu caso, o seu posto na lista de agarda.